

Con data 12 de agosto 2019 publicáronse as Listas Definitivas da Convocatoria **18/2019** de contratación de persoal para colaborar en actividades de investigación mediante contrato en réxime temporal,

Visto o escrito de abstención, de data 9 de agosto, presentado polo Investigador Principal D. **Fernando Cobo Gradín** da praza de referencia **2016-PI020**, titulada *“MIGRAMIÑO-MINHO. Protección y Conservación de peces migradores en el tramo Internacional del río Miño y sus afluentes”*, no que manifesta a imposibilidade de actuar neste procedemento por figurar como candidata admitida Dona M<sup>a</sup> del Carmen Cobo Llovo, coa que mantén un vínculo de parentesco de consanguinidade en primeiro grao.

Tendo en conta que o artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as persoas nas que se dean algunha das circunstancias recollidas no apartado 2 do referido artigo, (entre as que figura o parentesco de consanguinidade ata o cuarto grao) deberán absterse de intervir no procedemento.

**Esta Reitoría RESOLVE**, encomendar a Don José Carlos Otero González, **o informe de valoración** das solicitudes da praza de referencia **2016-PI020**, e, **no seu caso, a proposta de adjudicación**, ao abeiro do punto 7 da convocatoria.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á data da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2018  
Por delegación do reitor  
(Resolución do 20/06/2018, DOG 29/06/2018)  
O Vicerreitor de Investigación e Innovación,

Vicente Pérez Muñuzuri  
(documento asinado electrónicamente)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, NIF 33267295A, 13/08/2019 09:39:44.

CSV: 82B2-3D92-47EA-9FAC